

R.G.A.

Rede Galega de Aerobioloxía

PREDICIÓN DE POLE DOS TAXA MÁIS REPRESENTATIVOS

Semana do 10 de xullo ó 17 de xullo de 2024



Gramíneas

	Niveis baixos	(1-25 grans de pole/m ³ de aire)
	Niveis moderados	(26-50 grans de pole/m ³ de aire)
	Niveis altos	(>50 grans de pole/m ³ de aire)




Estrugas

	Niveis baixos	(1-15 grans de pole/m ³ de aire)
	Niveis moderados	(16-30 grans de pole/m ³ de aire)
	Niveis altos	(>30 grans de pole/m ³ de aire)



Castiñeiros

	Niveis baixos	(1-30 grans de pole/m ³ de aire)
	Niveis moderados	(31-50 grans de pole/m ³ de aire)
	Niveis altos	(>50 grans de pole/m ³ de aire)



Chantaxe

	Niveis baixos	(1-25 grans de pole/m ³ de aire)
	Niveis moderados	(26-50 grans de pole/m ³ de aire)
	Niveis altos	(>50 grans de pole/m ³ de aire)

Para os próximos días espérase que mantéñase a situación de estabilidade atmosférica ata o domingo, cando agárdanse precipitacións. Estas manteranse ata o luns. A partir da vindeira semana, espérase que retorne a situación anticlónica. Durante estes días as temperaturas serán baixas para a época do ano. Por todo isto, espérase que as concentracións polínicas sexan similares ás da semana pasada ata o domingo, cando o descenso das temperaturas e a aparición de precipitacións provocará a diminución do contido polínico.

E de destacar que atopámonos no período do ano no que as persoas alérxicas teñen maior probabilidade de sufrir síntomas de polinose debido á plena floración das gramíneas e as estrugas. O seu pole manterase no aire ata ben avanzado o mes de xullo, rexistrándose as maiores concentracións nas últimas horas da tarde.

En canto ás especies arbóreas, a floración dos castiñeiros xa se atopa avanzada e é de esperar que a súa concentración de pole sexa alta en todo o territorio.

En canto ás especies herbáceas, os niveis do pole das gramíneas acadarán valores altos en toda a Comunidade, especialmente nas áreas rurais do interior do territorio. No caso da chantaxe, espéranse valores moderados en todo o territorio, podendo chegar puntualmente a valores altos. Finalmente, espérase que as concentracións do pole das estrugas rexistrarán valores altos en todo o territorio, e moi altos na franxa atlántica.